

O erizo



Ana Castiñeira Casal
1º E.S.O.



Clasificación

O erizo é un mamífero insectívoro que mide aproximadamente 24 centímetros e pesa ata 500 gramos.

Teñen unha dieta moi variada, pero principalmente aliméntanse de insectos, frutas e vexetais.

Habitan en Europa, Asia, África e Nova Zelandia.



Características anatómicas

Os erizos son plantígrados, teñen os pés pequenos e planos, que se apoian totalmente no solo ó andar. A diferenza de tamaño e forma entre as patas dianteiras e traseiras é bastante grande.

Poden chegar ós 7,2 km/h, aínda que o normal é unha velocidade de 4 m/min os machos e 2 m/min as femias.


Teñen 5 dedos en casa pé, menos os erizos africanos criados en cautividade, que teñen soamente 4 nas patas traseiras.



A principal característica destes animais son as púas, pelos modificados compostos de queratina con unha estrutura interna complexa e múltiples cavidades que lle dan lixereza, fortaleza e elasticidade. Teñen entre 5.000 e 7.000 púas repartidas polo lombo.

En canto se sente ameazado ou se enfada, deixa as púas en posición erecta, de maneira que quedan cada unha nunha dirección, resultando imposible chegar ata a súa pel sen facerse dano.

As púas están diseñadas de forma que ó recibir presión, flexionan a súa base servindo para amortiguar os golpes ou cravarse no depredador.



Estructura da púa:

Na esquerda está o folículo esférico, que se atopa dentro da súa pel.

Ó longo da púa obsérvase o cambio de cor entre a zona central e os laterais.

Na parte dereita atópase a punta afiada e dobrada lixeiramente cara atrás para cravarse mellor en caso de ataque.



O pescozo é curto, facilitando así a súa capacidade de enrolarse nunha pelota, e a súa clavícula está ben desenrolada para permitirlle cavar con forza.

A capa da epidermis é fina nas zonas cubertas de púas, e para evitar a perda de calor por falta de pelo, hai poucos vasos sanguíneos nesta área.

O músculo frontodorsal exténdese sobre a fronte do erizo e permite baixar as púas da cabeza para protexer a cara.

Os músculos caudodorsal e caudoabdominal están ó final da espalda e serven para retraer a cola ó encollerse nunha pelota.

O músculo orbicular situado nos laterais e o panicular na zona dorsal, ó contraerse estiran a pel erectando así as púas. Canto máis apretada sea a pelota, máis prominentes serán as púas.



Os ollos do erizo son brillantes e de cor negro, rodeados dun borde azul que non se adoita ver, a non ser que o animal mire cara un lado. Teñen dous párpados e ó cerrar os ollos fano igual ca nós, baixando o superior. Tamén teñen pestanas, aínda que son moi pequenas e non se aprecian a simple vista.

Ó final do fuciño teñen unha pequena nariz que humedecen constantemente ca lingua, rodeada de pequenos pelos e bigotes sensoriais.

As orellas son amplias e cortas, e teñen forma redondeada.

A boca está situada debaixo do fuciño e semella a un roedor, xa que non se cerra por completo e os incisivos quedan á vista.



Os erizos teñen un pequeno rabo espido ó final da espalda. O tamaño varía entre uns erizos e outros, pero non supera os 2,5 cm de lonxitude.

As súas glándulas sudoríparas están situadas nas zonas con pelo, as prantas dos pés e arredor do ano.

As especies que hibernan durante a estación fría presentan dous tipos de tecido adiposo, o branco e o marrón.

A respiración pode variar duns a outros, pero a media é dende 25 alentos por minuto en pausa ata os 50 alentos por minuto se está activo.

En repouso teñen unha media de 147 latidos por minuto, mentres que se están activos poden chegar ós 200 – 280 latidos por minuto.



Comportamento

Os erizos son solitarios e de hábitos nocturnos. Tenden a ser territoriais e a súa capacidade de adaptación a diferentes temperaturas, humidades e fontes de alimento é sorprendente.

Tenden a buscar sitios cun ambiente seco, evitando lugares con vexetación moi densa. Durante o día, o erizo soe descansar en refuxios que vai cambiando habitualmente. O seu refuxio ideal é unha zona aberta, con vexetación que lle brinde unha certa protección e unha boa fonte de alimentos.

Ademáis, evitan aqueles lugares que parecen bos para os seus depredadores, como serpes, zorros ou rapaces nocturnas. Se atopan indicios da súa presenza, alónxanse e buscan outros lugares.



O erizo é un gran escalador, podendo así explorar varios extractos do hábitat, dende os insectos enterrados no solo ata os que trepan polas ramas dos arbustos.

Cando exploran un potencial alimento son prudentes, cubrindo lixeiramente a súa cara co plegue de púas que ten sobre os ollos. Se a súa presa é pequena, xoguetea un pouco con ela e despois cómea. Se a presa é de gran tamaño, como ratóns ou lagartixas, préndeo cos dentes a gran velocidade e zarandéao ata que morre.

O seu período de apareamento discorre dende abril ata setembro, e o de nacemento vai dende maio ata outubro, posto que a xestación dura arredor dun mes.

As crías nacen cun tamaño de 6 a 9 cm e as súas púas están recubertas por unha membrana acuosa que protexe á nai durante o parto. Ó mes realízase o destete e ós 10 meses alcanzan a madurez.



O comportamento do erizo máis coñecido pode ser o de facerse unha bola sobre sí mesmo cando se sente ameazado. É unha forma de aproveitar a súa defensa natural: as púas.

A isto engaden unha conducta realmente curiosa: en ocasións, mediante o ungimento, os erizos úntanse venenos doutros animais nas espiñas, aumentando así o perigo para o depredador que queira atacalos. Normalmente, obteñen as toxinas estimulando ós sapos venenosos con pequenos mordiscos.

Se, a pesar de todo, son capturados por un depredador, poden chillar forte e agudo, o que confunde ó atacante e xenera a posibilidade de que o solte.

Curiosidades



Unha das curiosidades dos erizos que máis sorprende é que ten una gran inmunidade fronte ó veneno das víboras.

Na natureza, pode darse o enfrentamento entre estes dous animais, e o erizo saír vencedor.

Ataca cas súas púas ó reptil, irritando a víbora cada vez que topa ca súa armadura, para que quede malferida. Cando a víbora está moi débil, o erizo ataca.

Outra curiosidade é que os erizos ven bastante mal. A súa visión mellora de noite, pero segue sendo moi deficiente.

En compensación, teñen moi bo oído e moi bo olfato.